

I DUATLÓN DE PROMOCIÓN PREBENXAMÍN CIDADE DA CORUÑA CONCELLO DE A CORUÑA

REGULAMENTO

Organiza:

Club Triatlón Coruña

Email: escolatriatloncoruna@gmail.com

Persoa de contacto: José Daniel González Castro

Teléfono: 698127175

Federación Galega de Triatlón e P.M.

Concello de A Coruña

Colaboran:

Concello de A Coruña

Desarrolla

Policía Local

Protección Civil

Deputación de A Coruña

Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia

Datos da proba:

Proba de promoción para a categoría prebenxamín, dirixida a deportistas con licenza de triatlón en vigor ou que tramiten licenza de temporal de 1 día de triatlón.

A proba rexerese segundo as normativas vixentes do da Federación Galega de Triatlón e P.M. e da Federación Española de Triatlón. <https://fegatri.org/regulamento-deportivo/>

Saída, transición e meta:

Zona contorna de Riazor

Recollida de dorsais:

A través do Técnico/Delegado do Club.

Na carpa de organización nas inmediacións da transición dende 8:30 am, antes do comezo da proba ata 20´ antes de cada saída.

Datas e horarios das carreiras:

Domingo 19 de febreiro:

	CARREIRA 1	CICLISMO	CARREIRA 2	CAMARA CHAMADAS	HORA
PREBENXAMIN (2016 / 17)	200M (1V)	1000M (1V)	50M (1 V)	12:50	13:00

- **Só deportistas con 6 anos cumpridos a peche de inscrición**

Inscricións:

Cota de Inscrición gratuíta.

Deportistas sen licenza de triatlón en vigor/Non federados deberán tramitar licenza de menores de 1 día

(Custe licenza de 1 día 6 euros)

Apertura de inscricións

Luns día 30 de xaneiro

Ata o martes 14 de febreiro de 2023 . Enviar folla de inscrición (excell anexo) ao correo electrónico: fegatri@hotmail.com con copia a deportes.coruña@xunta.es **ata as 15:00 horas**.

Procedemento Inscrición

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Triatlón www.fegatri.org, no apartado [Competicións/Inscricións](#).

CLUBS: Accederán a través do apartado competicións, picando na pestana Inscricións e accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club.

DEPORTISTAS INDIVIDUAIS CON LICENZA: Deberán introducir o seu número de licenza e a data de nacemento.

DEPORTISTAS SEN LICENZA DE TRIATLÓN EN VIGOR

Tramite Licenza temporal de 1 día :

Unha vez no apartado COMPETICIÓNs picarase en REGULAMENTOS/INSCRICIÓNs para acceder á carreira. Dentro da Carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN e introducirán os datos. (Custe seguro licenza temporal de 1 día menores 6 euros)- Total Pagamento 6€
O pagamento deberá facerse con tarxeta bancaria a través de TPV.

Imprescindible, para que a inscrición de calquera licenza de 1 día sexa válida, enviar a copia do DNI en vigor do/a deportista e da persoa legalmente responsable do/a menor e que asine a autorización no documento de protección de datos que se pode descargar na seguinte ligazón <https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/12/ficha-non-federados-1.docx> . Esta documentación debe enviarse á [Federación Galega de Triatlón](#) a través da plataforma de inscricións.

Baixas e política de devolucións:

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Triatlón a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes do remate do prazo de inscrición. Unha vez pechado non se fan devolucións.

As devolucións das baixas comunicadas en tempo e forma serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba.

No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) rematado o prazo de inscrición, estas serán anuladas e non se farán devolucións.

Publicación listas de persoas inscritas:

Publicación da lista provisional: o xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de persoas inscritas (esta admite reclamacións cando na listaxe se dea algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas na lista...). É moi importante revisar esta lista para ter opción a reclamar se hai algún erro nela. Publicación da lista definitiva: o venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios).

Procedemento Control de Material

Será obrigatorio identificarse cun documento oficial con foto na entrada do control. Os/as deportistas presentaranse na entrada do control de material identificados, levando xa todos os dorsais colocados (corpo/bici/casco) e o casco posto e abrochado.

Cronometraxe Electrónica

O dorsal será obrigatorio no sector de carreira por diante e no de ciclismo ás costas. Recoméndase levar portadorsal ou goma para darlle a volta en cada sector.

Saída

Dez minutos antes do comezo da saída, os/as deportistas iranse ordenando por dorsal na cámara de chamadas, os oficiais e persoal de organización irán indicando deben porse na liña de pre-saída .

Chegada a Meta

Unha vez que os/as deportistas pasen a liña de meta, dirixiranse, sen pararse, á zona próxima de post-meta onde se lles entregará o avituallamento, continuarán o camiño para saír da zona de post-meta e irán recoller a bicicleta para abandonar a zona.

Premios

Medallas aos tres primeiros clasificados individuais en cada categoría e sexo.

